

## **CUESTIONARIO A PARTIRES DA OBRA ANTÍGONA**

### **SOBRE O TEATRO**

1. A orixe do teatro: a súa relación coa democracia e coa relixión gregas.
2. Diferenzas entre a traxedia e a comedia
3. Partes do teatro
4. Escenografía, atrezzo, actores, decorados...
5. Nomea aos tres tráxicos máis importantes da literatura grega e alomenos dúas obras de cada un deles

### **SOBRE OS PERSONAXES DA OBRA**

1. Antígona pertence á saga dos Labdácidas: fai un resumo da historia dos seus membros máis coñecidos na mitoloxía e da unha xustificación de por que se considera unha saga maldita.
2. Di quen é: Creonte/Hemón/Eteocles/Polinices/Antígona/Ismene/Edipo
3. Fai unha descrición entre as relacións que se dan entre Antígona, Hemón e Creonte.
4. Cal é a actitude de Antígona e a de Ismene ao comezo da obra?
5. Quen é Tiresias? Que papel ten na obra? Que lle augura a Creonte?

### **SOBRE A OBRA**

1. Fai un resumo do argumento de Antígona
2. Sinala as partes da obra
3. Cal é a función do coro? A quen representa o coro en Antígona?
4. Que preceptos básicos da relixión da época se evidencian no prólogo no que Antígona comeza con Ismene?
5. No primeiro parlamento de Creonte, cando se dirixe ao coro, el xustifica a súa actitude. Fai un resumo da súa postura.
6. A segunda aparición do coro fai referencia á evolución da humanidade: sinala a opinión que Sófocles pon en boca do coro sobre os logros do home.
7. Cando Antígona se enfronta á autoridade de Creonte, en nome de que leis o fai? Como infrinxe a autoridade do rei?
8. Como xustifica Antígona a súa desobediencia?
9. Que decide Creonte respecto de Antígona? Cal é o ánimo da moza en tanto espera a morte?
10. Cres que Creonte actúa como un gobernante respectuoso do seu pobo ou coma un tirano? Podería actuar de outra maneira? Trata de dar unha explicación.
11. Atopas na obra algunha mostra de desprezo a Antígona pola súa condición de ser muller?